

**ORDENANZA FISCAL Nº25 REGULADORA DA
TAXA POR TOLDOS, MARQUESIÑAS,
SAÍNTES , BEIRÍS, RÓTULOS E OUTROS
APROVEITAMENTOS DO DOMINIO PÚBLICO
LOCAL**

**NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO
IMPOÑIBLE**

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA POR TOLDOS, MARQUESIÑAS, SAÍNTES , BEIRÍS, RÓTULOS E OUTROS APROVEITAMENTOS DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 2

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes da taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou Entidades ás que ó seu favor se lles outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

2.- No seu caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario do inmovible ou local, quen poderá repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas.

RESPONSABLES

ARTIGO 3

Serán responsable solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refíren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos,

sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria

CATEGORIAS DAS RÚAS OU POLÍGONOS

ARTIGO 4

Ós efectos de aplicación desta taxa será válida a clasificación de rúas e polígonos establecida no anexo 2 da Ordenanza Xeral.

CONTÍA

ARTIGO 5

A estrutura e contía desta taxa, será a que figura na seguinte

TARIFA

TOLDOS:

O metro cadrado ou fracción:

	€/Ano
En rúas de primeira	2,70
En rúas de segunda	1,80
En rúas de terceira	0,90
En Carril e Vilaxoán	0,90
Resto do Concello	0,90

MARQUESIÑAS:

O metro cadrado ou fracción:

	€/Ano
En rúas de primeira	3,65
En rúas de segunda	2,25
En rúas de terceira	1,40
Resto do Concello	1,40

RÓTULOS:

O metro cadrado ou fracción:

	€/Ano
En rúas de primeira	12,05
En rúas de segunda	10,55
En rúas de terceira	9,35

Mínimo de facturación dos toldos, marquesiñas e rótulos.....15,00 €/ano

OUTROS APROVEITAMENTOS DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL:

	€/ Ano
Aparatos expendedores de venda automática con acceso dende a vía pública ou instalados en solo de dominio público.	120,00
Caixeiros automáticos adosados a edificios nos que a súa utilización implique un aproveitamento especial do dominio público.	600,00

SAÍNTE E BEIRÍS

Liquidarase o metro cadrado ou fracción, polo valor das rúas que se establece na ponencia para aplicación do imposto de Bens Inmóbles actualizado cos incrementos que se establezan na Lei de Presupostos Xerais do Estado.

Esta taxa de Saíntes e Beirís, cobrarase por unha soa vez, ó propietario do inmovible solicitante da oportuna licenza.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 6

1. As cantidades esixibles con arreglo á Tarifa, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles por períodos sinalados nos epígrafes da tarifa.

2. As persoas e Entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados neste acordo, deberán solicitar previamente a correspondente licenza, realiza-lo depósito previo ó que se refire o punto cuarto seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento, acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

3. Os servizos técnicos deste Concello, comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferenzas coas peticións de licenzas; se se

deran diferenzas, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizando os ingresos complementarios que procedan.

4. En caso de que se deneguen as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello, a devolución do importe ingresado.

5. Non se autorizará ningún dos aproveitamentos regulados neste acordo, ata que se faga o pagamento do depósito previo e se obtivese a correspondente licenza polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenza, sen prexuízo do pago da taxa e das sancións e recargos que procedan.

6. Unha vez autorizado o aproveitamento entenderase prorrogado mentras non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, en caso de falecemento.

7. A presentación de baixa producirá efectos a partir do día primeiro do período natural seguinte ó de facturación sinalado na estrutura da tarifa. Sexa cal sexa a causa, a non presentación da baixa, determinará a obriga de continuar pagando a taxa.

As baixas quedarán condicionadas á retirada dos toldos, rótulos e marquesiñas, debendo comunicarse por escrito ó Concello, e sempre antes do 15 de xaneiro do exercicio seguinte.

DEVENGO

ARTIGO 7

O devengo da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal, nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada período sinalado na estrutura da taxa ou, no seu caso, nos que determine a Alcaldía-Presidencia.

O pago da taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Depositaria Municipal ou onde establece a Alcaldía-Presidencia, pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos Padróns ou Matrículas desta Taxa, nos períodos que sinalen as tarifas da taxa, ou no seu caso, nos que determine a Alcaldía-Presidencia. O ingreso efectuarase nas oficinas da Recadación Municipal, ou nos lugares que determine a Alcaldía-Presidencia.

BASE IMPOÑIBLE

ARTIGO 8

1. A base imponible dos rótulos, está constituída pola superficie dos mesmos expresada en metros cadrados ou fracción, de acordo coas seguintes normas:

a) Nas bandeirolas e demais rótulos perpendiculares ás fachadas dos inmobles, contando dende o plano da fachada ata a parte máis avanzada dos mesmos, determinándose a superficie polas máximas dimensións de lonxitude e altura.

ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 6 de novembro de 2008, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fechas anteriores modificaciones:

Novo texto como Taxa: BOP 17/12/1998
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP: 26/12/2008